

SILENCIO, CÁMARAS E ACCIÓN

O traballo que vos vou pedir hoxe é, eu creo, a mellor tarefa que vos mandarei nunca. Tedes que buscar a vosa película favorita, sentarse no sofá con unha bolsa de flocos de millo (palomitas) e volver a vela.

Ben esa era a parte sinxela, esta segunda igual é un pouco máis custosa. Unha vez vista a película, a poder ser tan pronto como remate, para telo todo ben fresco tedes que escoller unha das personaxes que sae nela, non ten porqué ser o protagonista, un calquera que vos chame a atención, sentádevos diante de un papel e intentade describir a ese personaxe.




Esta descrición debe ter tres partes:

- Unha primeira onde fagades unha pequena entradiña presentando ao personaxe, dicindo que papel ten na película e a razón pola que o escollestes a el e non a outro.
- Unha segunda parte onde fagades unha pequena descrición física, resaltando os seus resgos máis característicos (altura, cor de ollos, pelo...).
- E unha terceira parte onde faledes do seus carácter, sei que algún dirá pero como che vou contar todo isto se non o coñezo, pois polas impresións que che espertou ao longo de todo o filme.

Seguro que despois de ver a película podes dicir si é unha persoa optimista, pesimista, alegre, solidaria...

Esta descrición debe ter sobre unhas 9-12 liñas e recorda que ao rematar poder enviarmos ao meu correo msf@edu.xunta.es.



Para finalizar a tarefa, e xa que nos puxemos cinéfilos déixovos dúas pequenas adiviñas sobre personaxes de películas que son verdadeira historia do cine. Si sodes capaces de descubrir de quen falo podedes mandarme o nome do personaxe ou do actor no correo xunto coa descrición da tarefa anterior.

Personaxe 1

- Era moi bo resolvendo adiviñas.
- “Competía” xunto co seu fillo para gañar un carro blindado.
- Decía que sabía falar alemán.
- Foi a mesma vez o director e actor protagonista da película.
- O actor do que estamos a falar naceu o 27-10-1952.

Personaxe 2

- É un debuxo animado de unha das películas Disney máis coñecidas.
- Non axudou ao seu irmán para poder así acadar el o poder.
- Ten unha melena de cor negro.
- O seu nome en galego sería “cicatriz”
- Na película cantase unha canción que di “vive e deixa vivir.....”